



## Concello de Meaño

### **BASES DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA CUBRIR MEDIANTE CONTRATO LABORAL TEMPORAL, PRAZAS DE PERSOAL PARA ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS DO CONCELLO DE MEAÑO, CURSO 2018-2019**

#### **Primeira.- Obxecto.**

As presentes Bases de Selección que rexen a convocatoria para a formación dunha bolsa de emprego e contratación de persoal con carácter de laboral temporal a tempo completo para a Escola Infantil 0-3 anos do Concello de Meaño, ata a cobertura das prazas con carácter laboral fixo, dotadas dos soldos correspondentes a estes postos no Cadro de Retribucións do Orzamento Municipal.

#### **Segunda.- Características das prazas:**

- Mestre/a de Educación Infantil.
- Técnico/a Superior en Educación Infantil.

**Terceira.- Duración do contrato e vixencia da bolsa:** O contrato será por interinidade ata a cobertura con carácter fixo das devanditas prazas.

#### **Cuarta.- Requisitos dos/as aspirantes/as:**

1.- Os/as aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes:

a).- Ser español ou nacional de algún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros ou do cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte un anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola comunidade europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos do Art. 57.1 da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto de empregado Público, ou ser estranxeiro con permiso de residencia e traballo en vigor.

b) Ser maior de 16 anos de idade e non haber alcanzado a idade de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión da titulación específica correspondente a cada unha das ocupacións ofertadas:

\* Mestre/a de Educación Infantil: Estar en posesión do título de Diplomatura en Maxisterio, especialidade en educación infantil ou equivalente.

\* Técnico/a Superior en Educación Infantil: Estar en posesión do título de Técnico Superior en Educación Infantil ou Mestre de Educación Infantil.

d) Estar en posesión do título de manipulador de alimentos.

e) Dispoñer de curso básico de primeiros auxilios.

f) Non padecer enfermidade ou defecto físico que o imposibilite para o desempeño das funcións correspondentes o posto.



## Concello de Meaño

---

g) Non estar separado do servizo de ningunha administración pública en virtude do expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.

h) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.

i) Ter capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

j) Carecer de antecedentes penais por delitos de natureza sexual.

2.- Todos os requisitos esixidos no punto anterior, deberán reunilos os aspirantes o día que finalice o prazo para presentar as solicitudes.

### Quinta.- Presentación de instancias:

1.- As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia dirixida á Sra. alcaldesa-presidenta do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do posto de traballo convocado ó que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

2.- Para ser admitidas no proceso selectivo as persoas que desexen tomar parte no mesmo, deben aboar o importe de 5,00 € en concepto de dereito de participación, no período de presentación de instancias na conta bancaria do Concello de Meaño aberta en ABANCA nº ES03 2080 5044 31 3040001099.

3.- O prazo de presentación de instancias é de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte o da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

4.- A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello, situado na Casa Consistorial de Meaño sita na R/campo da Feira nº 1 (Meaño), ben en calquera das formas establecidas no art. 14.6, da Lei 39/2015 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo/a funcionario/a de Correos antes de seren certificadas. Os aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no Rexistro Xeral do Concello deberán comunicalo por telegrama, fax número 986747391 e correo electrónico [concellodemena@concellodemena.com](mailto:concellodemena@concellodemena.com) ou outro medio no mesmo día da súa presentación.

O Concello facilitará o modelo de solicitude aos interesados que a soliciten podendo tamén obterse na páxina Web do Concello [www.concellodemena.com](http://www.concellodemena.com)

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

\* Fotocopia compulsada do DNI.

\* Xustificación de ter aboado os dereitos de participación (dentro do prazo de presentación de instancias, non subsanable).

\* Fotocopia compulsada da experiencia profesional, a formación, os títulos e méritos que se alegen.

\* Acreditación de dispoñer do CELGA 4, Perfeccionamento ou equivalente no idioma galego



## Concello de Meaño

---

para acadar a exención da realización da proba de coñecemento do idioma galego.

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados ou xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que sexan necesarios para valorar os méritos que se refiren.

### **Sexta.- Admisión de aspirantes.-**

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Concello dictará resolución coa lista de admitidos/as e excluídos/as, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que será publicada na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

Os/as aspirantes excluídos/as ou omitidos/as disporán do prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para poder enmendar, si é enmendable, o defecto que motiva a súa exclusión. No suposto de producirse reclamacións dictarase unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas e aprobando a lista definitiva que se publicará na web e no taboleiro de anuncios do Concello. Xunto coa lista definitiva sinalarase o día e hora da reunión da Comisión de Valoración para a súa constitución e a data de realización das sucesivas probas.

### **Séptima.- Comisión de Valoración.-**

Estará integrada por:

**PRESIDENTE/A:** D<sup>a</sup> Cristina García González, informadora xuvenil, suplente: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Elva Martínez Camiña, mestre educación infantil.

**SECRETARIO/A:** D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Escudero Barral, secretaria-interventora, suplente: D<sup>a</sup> Pastora Castro Lema, funcionaria do Concello de Meaño.

**VOCAIS:** D<sup>a</sup> Isabel Amil Núñez, axente de emprego e desenvolvemento local; M<sup>a</sup> Pilar Domínguez Panadero, asistente social do Concello de Meaño; Maria Ribadomar Blanco, mestre educación infantil; suplente D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Elena García González, mestre educación infantil.

O tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros titulares.

Os membros do tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 39/2015 ou no artigo 13.2 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo.

Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal nos termos establecidos na Lei 39/2015.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número de aspirantes superior ó das prazas convocadas.

O tribunal poderá asesorarse polo técnicos que considere conveniente, que actuará con voz pero sen voto.



## Concello de Meaño

---

### Oitava.- Procedementos de selección.

Establécese o sistema de concurso-oposición e entrevista persoal.

#### FASE DE CONCURSO:

A fase de concurso será previa á de oposición e nela valoraranse os seguintes méritos:

A. Experiencia Profesional: A puntuación máxima que se pode acadar neste apartado é de 1 punto.

- Por haber prestado servicios como Mestre de Educación Infantil/Técnico/a Superior en Educación Infantil en Escolas Infantís de 0 a 3 anos dependentes e xestionadas directamente de/por Concellos ou outras administracións públicas 0,08 puntos por cada mes completo de traballo a xornada completa ou 0,04 puntos por cada mes completo a tempo parcial. Non se terán en conta porcións de meses.

- Por haber prestado servicios como Mestre de Educación Infantil/ Técnico/a Superior en Educación Infantil en Escolas Infantís de 0 a 3 anos dependentes de Concellos ou outras administracións públicas e xestionadas por empresas privadas ou en centros privados 0,06 puntos por cada mes completo de traballo a xornada completa ou 0,03 puntos por cada mes completo a tempo parcial. Non se terán en conta porcións de meses.

A experiencia profesional deberase acreditar mediante orixinais ou copia compulsada de:

\* Contratos de traballo xunto co informe de vida laboral.

\* Certificados de empresa no que conste a ocupación para a que foi contratado, a data de inicio e fin da contratación, así como o tipo de xornada entre outros datos.

Na documentación presentada deberán quedar constatadas as funcións desempeñadas no periodo de contratación, as cales, podrán tamen acreditarse mediante un certificado no que se describan as mesmas.

Non se valorará nin se terá en conta aquela experiencia profesional que non se axuste o disposto neste apartado.

B. Formación e cursos: Puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de 2 puntos.

Por ter asistido a cursos, xornadas, encontros e congresos de formación e perfeccionamento, organizados, impartidos ou homologados en organismos e entidades oficiais, sindicatos, universidades, colexios oficiais, fundacións ou escolas de administracións públicas, directamente relacionados ou vinculados có contido das funcións da praza a que se opta, debidamente acreditados polo concursante, mediante certificados nos que figure o número de horas e reflexen claramente o organismo ou ente que o expide, computándose:

\* De duración de 10 a 20 horas: 0,20 puntos.

\* De duración de máis de 20 a 50 horas: 0,40 puntos.

\* De duración de máis de 50 a 100 horas: 0,80 puntos.

\* De máis de 100 horas: 1 punto.



## Concello de Meaño

---

### Coñecemento do idioma galego:

- Por ter acreditado o nivel Celga 4, equivalente ou superior: 0,80 puntos.

A puntuación máxima deste apartado será de 0,80 puntos.

### FASE DE OPOSICIÓN:

A fase de oposición, de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirán na realización das seguintes probas:

- Proba a): Contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 20 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria durante un período de 20 minutos.

Calificarase de 0 a 3puntos. Para superar este exercicio será preciso acadar un mínimo de 1,5 puntos. Outorgarase unha puntuación de 0,15 puntos a cada resposta correcta e restaranse 0,15 puntos por cada catro respostas incorrectas.

Proba b): Constará dunha proba, na que haberá que realizar un exercicio práctico consistente na realización dalgunha tarefa relacionada coas funcións do posto de traballo.

Esta proba valorarase de 0-2 puntos, debendo acadar unha puntuación mínima de 1 punto.

- Proba c): Coñecemento do idioma galego, obrigatorio e non eliminatorio, para os aspirantes que non acrediten o nivel de coñecemento do idioma galego Celga 4, equivalente ou superior, que consistirá, a elección do tribunal, na redacción dun informe ou texto, ou nun ditado ou diálogo en relación coas funcións do posto durante un tempo máximo de 10 minutos. Neste exercicio valorarase a corrección fonética, gramatical e estilística, así como o emprego dun léxico adecuado ao tema exposto.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a cero con oito (0,8) puntos.

### FASE DE ENTREVISTA

A fase de entrevista de carácter obrigatorio e non eliminatorio

1. Esta fase será valorada cun máximo de 1 punto e non terá carácter eliminatorio.

Verasará sobre o coñecemento das funcións e contidos relacionadas co posto de traballo, tanto teóricos como prácticos.

2. Pasarán a fase de entrevista os candidatos que superen a proba a) e b).

### **Novena.- Puntuación final.**

A puntuación final será a suma das puntuacións obtidas por cada aspirante na fase de concurso, oposición e entrevista, dacordo co baremo establecido nas bases. A Comisión de valoración relacionará os aspirantes por orde decrecente da puntuación final obtida, facendose públicas mediante a súa publicación na paxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de



## Concello de Meaño

---

Meaño.

Os aspirantes disporán dun prazo de 3 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación das puntuacións da fase de oposición para facer alegacións ás mesmas. A listaxe coas puntuacións será definitiva de non presentarse alegacións no prazo indicado.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non se presentar ningún a mesma, a alcaldesa queda autorizada para convocar novamente cantas veces sexa preciso de conformidade coas presentes bases.

### **Décima.- Creación e funcionamento da Bolsa de traballo.-**

A bolsa constituiráse en función da puntuación obtida a través do sistema de concurso-oposición.

Non formarán parte da bolsa aqueles/as aspirantes que non superen a fase de oposición.

A bolsa estará ordenada de modo descendente, de maior a menor puntuación, en función do resultado obtido a través deste procedemento.

Formularase oportuno contrato laboral, en función das circunstancias descritas na base primeira.

Na acta da última sesión do tribunal de selección incluírase unha listaxe entre os/as aspirantes que aprobaron por orde de maior a menor puntuación para cubrir posibles baixas por incapacidade, vacacións, renuncia ou outras continxencias sobrevidas en función das necesidades de servizo.

A bolsa de traballo funcionará:

- As persoas integrantes da bolsa de traballo non perderán a orde de prelación que en cada momento lle corresponda, de tal maneira que, se son contratados, rematada a contratación, retornará ao posto que lle correspondería na lista.
- Comunicaráselle ó aspirante que corresponda, mediante chamamento, o lugar e data no que é preciso que se presente.
- Se o interesado no prazo de dous días hábiles seguintes ao do chamamento non manifesta a súa conformidade co ofrecemento, entenderáse que renuncia ó mesmo e procederáse a contactar do mesmo xeito co seguinte na lista da bolsa de traballo.
- Se no momento de ser chamado un/ha candidato/a renunciara, dita renuncia pode considerarse por “causa xustificada”; ou “non xustificada”. Considerarase como causas xustificadas á renuncia a ocupar un posto de traballo, o que o suporá non perder o seu lugar na lista, as seguintes.
  - A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico).
  - O estar traballando (acreditado mediante contrato de traballo)



## Concello de Meaño

---

Se polo contrario ao ser chamado renuncia ao posto sen causa xustificada, ou sen acreditar a mesma, a primeira vez pasará a ocupalo último posto da lista, e a segunda será excluído da mesma.

A renuncia voluntaria e sen xustificación a un contrato xa asinado antes da súa finalización, producirá os mesmos efectos que os sinalados no parágrafo anterior.

- En calquera momento os aspirantes poderán pedir a exclusión da bolsa de traballo.
- Os integrantes da bolsa de traballo están obrigados a sinalar os seus datos persoais actualizados que faciliten a rápida localización, incluíndo a telefónica, sendo os únicos responsables da fidelidade dos mesmos.

### **Undécima.- Presentación de documentación complementaria previa a formalización do contrato.-**

Os aspirantes propostos para a contratación presentarán no rexistro do concello a seguinte documentación no prazo establecido nas listas de puntuación final e relación de aprobados:

- \* Titulación esixida.
- \* Tarxeta da Seguridade Social.
- \* Certificación de conta Bancaria.
- \* Acreditación médica de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida realizar as funcións propias a desenvolver así como de ter actualizadas as vacinacións.
- \* Certificado actualizado do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, de carecer de antecedentes penais de natureza sexual.

### **Duodécima.- Impugnación da convocatoria e incidencias.**

O feito de presentar instancias solicitando tomar parte na convocatoria constitúe sometemento expreso dos aspirantes ás presentes bases reguladora da mesma.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas polos interesados, nos casos, formas e prazos establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O tribunal queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

### **Décimo terceira- Datos de Carácter Persoal.**

Informámoslle que os datos persoais que nos facilite serán tratados para o proceso de selección realizado polo Concello de Meaño durante a duración do mesmo, baixo os requisitos do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a





## Concello de Meaño

---

libre circulación destes datos.

Neste sentido, informámoslle que os seus datos persoais unicamente serán tratados para facerlle partícipe do proceso de selección de persoal realizado polo CONCELLO DE MEAÑO levando a cabo unha análise do perfil do solicitante co obxectivo de seleccionar ao mellor candidato para a posto vacante. Non se realizarán cesións de datos a terceiros nin transferencias internacionais de datos.

Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento e portabilidade de datos dirixíndose por escrito e achegando o seu DNI, á seguinte dirección CONCELLO DE MEAÑO Rúa Campo dá Feira nº1, CP 36968, Meaño (Pontevedra) ou ben ao seguinte correo electrónico [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com).

A base xurídica deste tratamento é o teu consentimento, por tanto, no caso de que non esteas conforme con este tratamento non o poderemos incluír no proceso de selección obxecto desta convocatoria.

### ANEXO: TEMARIOS DA CONVOCATORIA

#### **PROGRAMA: Técnico Superior en Educación Infantil**

TEMA 1. A Constitución Española do 1978. Principios básicos e estrutura. Dereitos e deberes fundamentais.

TEMA 2. Principios Xerais do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común. O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común.

TEMA 3. Regulación xurídica actual do réxime local .O Goberno municipal. O Pleno da Corporación. O Alcalde. A Xunta de Goberno Local. As Comisións Informativas. Grupos políticos municipais.

TEMA 4. A organización do espazo, os materiais e o tempo como recursos didácticos. Características especiais da escola infantil. A distribución do tempo.

TEMA 5. O ingreso da/o nena/o no centro infantil. O período de adaptación. O papel da persoa adulta no proceso de adaptación ao centro infantil.

TEMA 6. Saúde infantil: prenatal, crecemento e desenvolvemento infantil. 1º ano de vida. 2º ano de vida.

TEMA 7. Saúde infantil: prevención das enfermidades infecciosas. Enfermidades 12 transmisibles. Enfermidades frecuentes na etapa de 0 a 3 anos.

TEMA 8 . Saúde infantil: hixiene. Adquisición de hábitos de limpeza e hixiene na etapa de 0 a 3 anos.

TEMA 9. Saúde infantil: accidentes na infancia e a súa prevención.

TEMA 10. Saúde infantil: o descanso dos nenos de 0 a 3 anos. Ritmos dos sono.

TEMA 11. Educación infantil: Deseño e animación de experiencias educativas.

TEMA 12. Educación infantil: o xogo e a súa metodoloxía.





## Concello de Meaño

---

TEMA 13. Educación infantil: psicoloxía evolutiva de 0 a 3 anos.

TEMA 14. Educación infantil: desenvolvemento cognitivo e motor.

TEMA 15. Educación infantil: expresión e linguaxe.

TEMA 16. Educación infantil: desenvolvemento emocional e social.

TEMA 17. Temas transversais na educación infantil: resolución pacífica de conflitos, educación ambiental, etc.

TEMA 18. A educación para a igualdade como elemento transversal nas estratexias educativas.

TEMA 19. Métodos e recursos para a dinamización educativa, de aprendizaxe, lingüística, musical, cultural, de xénero, etc.

TEMA 20. Saúde infantil: alimentación e nutrición. Trastornos na comida.

### **PROGRAMA: Mestre/a de Educación Infantil**

TEMA 1. A Constitución Española do 1978. Principios básicos e estrutura. Dereitos e deberes fundamentais.

TEMA 2. Principios Xerais do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común. O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común.

TEMA 3. Regulación xurídica actual do réxime local .O Goberno municipal. O Pleno da Corporación. O Alcalde. A Xunta de Goberno Local.

TEMA 4 . Características xerais da infancia até os 3 anos. Principais factores que interveñen no seu desenvolvemento. Etapas e momentos máis significativos. O desenvolvemento infantil no primeiro ano de vida. Coordinación co 2º ciclo de educación infantil.

TEMA 5. O desenvolvemento psicomotor nos nenos e nas nenas até os 3 anos. A psicomotricidade no currículo da educación infantil.

TEMA 6. O desenvolvemento da personalidade. O desenvolvemento afectivo nos nenos e nas nenas de cero a tres anos. O desenvolvemento das autonomía.

TEMA 7. O neno descobre os outros nenos. Proceso de descubrimento de vinculación e aceptación. A escola como institución socializadora.

TEMA 8. O desenvolvemento cognitivo até os 3 anos. O coñecemento da realidade. A observación e a exploración do mundo físico, natural e social.

TEMA 9. A familia como primeiro axente de socialización. Relacións da escola infantil coas familias dos/as escolares e a comunidade.

TEMA 10. Educación para a saúde. Actitudes e hábitos referidos ao descanso. Hixiene e actividade infantil. Prevención de accidentes, primeiros auxilios e enfermidades infantís. Criterios para a intervención.

TEMA 11. A educación afectivo-sexual na etapa infantil. Descubrimento e identificación co propio sexo. A construción dos roles masculino e feminino. Estratexias educativas para evitar a discriminación de xénero.

TEMA 12. Principio de intervención educativa de educación infantil. O enfoque globalizador. Sentido e significado da aprendizaxe. Unha metodoloxía baseada na observación e na experimentación. A concreción no marco do proxecto curricular.



## Concello de Meaño

---

TEMA 13. A programación no primeiro ciclo de educación infantil. O enfoque globalizador. Sentido e significado da aprendizaxe. Unha metodoloxía baseada na observación na experimentación. A concreción no marco do proxecto curricular.

TEMA 14. A programación no primeiro ciclo de educación infantil. Obxectivos, contidos e propostas metodolóxicas máis adecuadas para este ciclo. As distintas unidades de programación. A continuidade entre a Educación Infantil e Primaria. Medidas curriculares e vías de coordinación

TEMA 15. A función do mestre e a mestra en educación infantil. A intencionalidade educativa. Relacións interactivas entre o/a neno/a e o/a educador/a. O/a mestre/a como membro do equipo educativo na súa relación coas familias.

TEMA 16. A organización dos espazos e do tempo. Criterios para unha adecuada distribución e organización espacial e temporal. Ritmos e rutinas cotiás. A avaliación dos espazos e do tempo.

TEMA 17. O desenvolvemento da linguaxe. Linguaxe e pensamento. Evolución da comprensión e da expresión. A comunicación non verbal. Problemas máis frecuentes na linguaxe infantil.

TEMA 18. O ensino e a aprendizaxe da lingua na educación infantil. Técnicas e recursos para a comprensión e a expresión oral.

TEMA 19. A literatura infantil. O conto: o seu valor educativo. A poesía na educación dos nenos e das nenas. Criterios para a selección e emprego destes recursos.

TEMA 20. Métodos e recursos para a dinamización educativa, de aprendizaxe, lingüística, musical, cultural, etc.

TEMA 21. A educación musical en educación infantil. O descubrimento do son e do silencio. Características e criterios de selección as actividades musicais. Os recursos didácticos. A tradición musical propia e doutras culturas.

TEMA 22. Evolución da expresión plástica nos nenos e nas nenas. Elementos básicos da linguaxe plástica. Obxectivos, contidos, materiais, actividades, estratexias metodolóxicas e de avaliación da expresión plástica.

TEMA 23. A expresión corporal. O xesto e o movemento. A expresión corporal como axuda na construción da identidade e da autonomía persoal. Xogo simbólico e xogo dramático. As actividades dramáticas axeitadas á infancia de 0 a 3 anos.

TEMA 24. Formación de capacidades relacionadas co desenvolvemento lóxicomatemático. Recursos didácticos e actividades adecuadas á etapa de educación infantil

TEMA 25. A avaliación, funcións, estratexias e recursos para levala a cabo. O labor titorial e a comunicación ás familias.

Meaño, A alcaldesa M<sup>a</sup> Lourdes Ucha Varela

Documento datado e asinado dixitalmente ao marxe.